

16.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 11 DE ABRIL DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 15/2016 DE 4 DE ABRIL DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 15/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local, de data 4 de abril de 2016, e proceder á súa transcrición ao libro de actas.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA A INDUSTRIAS FRIGORÍFICAS DEL DEZA, S.L.** para a execución das actuacións previstas no “anexo 1 ó proxecto básico de melloras tecnolóxicas en industria cárnica”, con modificación da licenza de obra de data 21/03/16, de realización de melloras

tecnolóxicas en industria cárnica no Polígono Industrial de Botos, nº 13 de Lalín; e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 07/04/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (modificado materias sobre proxecto) por importe de 1.211,85 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

2.2.- Acordouse **corrixir o erro** acaecido no punto 2.1 - licenzas de obra - do acordo recollido na acta adoptada pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 21 de marzo de 2016.

3.- LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.

3.1.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración da IIª Festa da Xuventude, o día 15/04/16, na avda. do Monserrat – Lalín.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

4.1.- Acordouse outorgar **EFICACIA Á COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** de reposición e restauración de fachada e cambio de carpintería exterior nunha edificación sita na rúa Rosalía de Castro, 44 – Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 06/04/16 por importe de de 119,70 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

Tamén consta no expediente a constitución na tesourería municipal de fianza por importe de 1.800 euros.

5.- EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE RUINA.

5.1.- Acordouse proceder á **execución forzosa do Decreto da Concellería Delegada de Urbanismo, de data 08/05/15**, mediante a imposición ao obrigado, dunha primeira multa coercitiva en contía de 300 euros. Do mesmo xeito, mensualmente serán impostas multas coercitivas, por igual importe, **RELATIVO Á DECLARACIÓN EN SITUACIÓN DE RUÍNA DUNHA EDIFICACIÓN SITA NO LUGAR DE TORRE – VILATUXE–LALÍN** e ata lograr a execución total por parte do obrigado.

6.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.

6.1- Acordouse **autorizar as solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador** presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas, ESPINA Y DELFÍN S.L., así como a formalización dos correspondentes contratos.

7.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

7.1.- Acordouse **iniciar o expediente de contratación** denominado “SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO “LALÍN EMPRENDE XOVE””: Lote 1: Accións formativas da área de soldadura, Lote 2: Accións formativas da área de novas tecnoloxías, Lote 3: Accións formativas da área de comercio, e Lote 4: Accións formativas da área de equipos de traballo móbiles automotores; mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, e autorizar o gasto polos seguintes importes máximos por lote: Lote 1: 17.100,00 €, Lote 2: 5.850,00 €, Lote 3: 5.100,00 €, Lote 4: 4.800,00 € (segundo o establecido no artigo 20.1.9ª da Lei 37/1992 esta actividade está exenta de IVE) e un prazo de execución adscrito á duración do Programa Integrado de Emprego Lalín Emprende Xove.

7.2.- Acordouse **iniciar o expediente de contratación** denominado “SEGURO SOBRE A FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE LALÍN” mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 10.982,66 € anuais (incluídos todos os impostos e recargos legais, segundo a normativa relativa aos impostos sobre as primas de seguros) e un prazo de execución dun (1) ano prorrogable por outro (1) ano máis.

8.- BASES DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS.

8.1.- Acordouse **aprobar as BASES REGULADORAS DOS PREMIOS DO XIº CONCURSO DE PINTURA ESCOLAR “MESTRE LAXEIRO” - 2016**, e autorizar o gasto de **1.740,00 euros**.

8.2.- Acordouse **aprobar as bases para a concesión de bolsas complementarias ao estudo**, Curso 2016/2017, e autorizar o gasto por importe de **18.000 €**.

8.3.- Acordouse **aprobar as bases reguladoras para a realización de**

actividades polas asociacións de mulleres do concello de Lalín durante o ano 2016, e autorizar o gasto polo importe total de 10.000 euros.

9.- FACTURAS E CONTAS.

9.1.- Acordouse o **pago da relación de facturas nº 00047** por importe total de **138.708,43 €**.

10.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

10.1.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 83,36 € a aboar a Gas Natural SUR.

10.2.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 150 € a aboar en efectivo.

10.3.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 150 € a aboar en efectivo.

10.4.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 100 € a aboar en efectivo.

10.5.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 89,60 €.

10.6.- Acordouse a alta no **programa de Xantar na Casa** para a persoa solicitante, así como a baixa no programa de Xantar na Casa para a outra das persoas beneficiarias.

10.7.- Acordouse o **ingreso en Centro Residencial e o pasamento** de tres solicitantes.

10.8.- Acordouse conceder **LICENZA ADMINISTRATIVA PARA POSUIR ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS**, e proceder a inscribir a cadela de raza Cruce de Pitt Bull, no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos do Concello de Lalín, **co núm. 41**.

10.9.- Acordouse a **MODIFICACIÓN das bases de selección para a contratación dun Arquitecto municipal en réxime de funcionario interino**, para o Concello de Lalín, que foron aprobadas na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 14 de marzo de 2016; e a publicación do acordo no BOPPO, así coma na páxina web e no taboleiro de anuncios deste Concello.

10.10.- Acordouse **aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca**, correspondente ao mes de marzo de 2016, por importe total: **884,23 €**. Así mesmo acordouse **aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L. relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca**, prestado durante o mes de marzo do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de **4.981,42 €**.

10.11.- Acordouse **aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia**, correspondente ao mes de MARZO de 2016, por Importe total: **6.251,82 €**; e **aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L. relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade Dependencia**, prestado durante o mes de marzo do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de **27.111,83 €**.

10.12.- Acordouse **solicitar unha subvención á Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro das BASES DE SUBVENCIONES PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA, DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, ANO 2016 por importe de 6.000,00 euros**, para o desenvolvemento de actividades de promoción e dinamización do galego no Concello de Lalín.

11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

11.1.- Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso do local da UNED sito no Polígono Industrial Lalín 2000, para o vindeiro día 22 de abril de 2016 en horario de 10 a 14 horas para a celebración dunhas Xornadas sobre: “Xirasol como alternativa forraxeira”.

11.2.- Acordouse **conceder as diversas autorizacións municipais**, para a celebración do XXIIº RALI DO COCIDO, a celebrar os días 22 e 23 de abril de 2016.

11.3.- Acordouse **conceder autorización municipal** para a instalación dunha carpa cun pulpeiro na Carballeira das Casianas o día 6 de agosto de 2016, entre as 10:00 horas ás 20:00 horas aproximadamente.

11.4.- Acordouse **conceder autorización municipal** para aparcas os coches o día 8 de maio de 2016, dende as 11:00 horas ás 14:00 horas/KDD e dende as 17:00 horas ás 20:00 horas/KDD na explanada do parking do Haley

11.5.- Acordouse **conceder autorización municipal** para acceder ó Arquivo Municipal para consultar se os titulares de determinadas fincas están nos Libros de Amillamento.

11.6.- Acordouse **conceder autorización municipal** para o corte á circulación rodada da Avda do Montserrat durante o día 15 de abril de 2016 a mañá do día 16 de abril de 2016 para permitir a celebración da IIª Festa da Xuventude e para a instalación dos escenarios das orquestras e dunha carpa.
